

NOME DA EMPRESA		
TÍTULO:		
RESUMO DO ORZAMENTO		
1.- DEREITOS		Total Euros
1.1. Tema		
1.2. Adaptación e diálogos		
1.4. Asesores especialistas		
1.5. Outros dereitos		
1.6. Tradutores		
	SUB TOTAL 1	
2.- PERSOAL		
2.1. Produción		
2.2. Realización		
2.3. Equipo de produción		
2.4. Outros/as (especificar)		
	SUB TOTAL 2	
3.- SEGURIDADE SOCIAL		
3.1. Persoal		
	SUB TOTAL 3	
4.- TRANSPORTE, ALOXAMENTO E AXUDAS DE CUSTO		
4.1. Autores		
4.2. Equipo de desenvolvemento		
	SUB TOTAL 4	
5.- MEDIOS TÉCNICOS		
5.1. Localización		
	SUB TOTAL 5	
6.- VARIOS		
6.1. Seguros		
6.2. Gastos xurídicos		
6.3. Contabilidade		
6.4. Gastos de transaccións bancarias		
6.5. Presentación do proxecto		
	SUB TOTAL 6	
7.- GASTOS XERAIS		
7. (7% do total das partidas 1 ao 6.5)		
	SUB TOTAL 7	
8.- IMPREVISTOS		
8. (5% do total das partidas 1 ao 6.5)		
	SUB TOTAL 8	
	SUB TOTAL 6-7-8	
ORZAMENTO TOTAL DE DESENVOLVEMENTO		

Conselleira de Cultura e Deporte

Orde do 27 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a promoción, produción e edición do libro galego, no que se refire á materialización dos grandes proxectos editoriais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

De acordo coas atribucións que lle asigna o marco competencial, a Consellería de Cultura e Deporte, na

procura da calidade da documentación impresa en forma de libro en Galicia, apoia aqueles proxectos que procuran a excelencia, incluídos os novos soportes de edición.

Consonte isto, establécese unha liña de axudas específica para o eido dos grandes proxectos editoriais, de xeito que o catálogo de publicacións galegas tenda a cubrir este capítulo de calquera cultura moderna, con obras realizadas directamente na nosa lingua ou coa tradución do máis selecto da oferta mundial nos diferentes eidos.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura e Deporte quere, con esta orde, establecer un instrumento que, consonte a normativa legal vixente, marque as pautas para unha distribución, segundo os criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados ao libro, axustada ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Finalidade e obxecto.*

1. Convócanse axudas á produción editorial para apoiar a promoción, produción do libro galego, na edición tradicional e nos novos soportes, no que atinxe á realización dos grandes proxectos editoriais.

2. Enténdese por gran proxecto aquel que procura a excelencia, tanto polo que respecta á presentación formal, tanto polos propios contidos, cando precisen unha atención e unha disposición de medios especialmente custosa para as editoriais que os afronten, ou se plasmen en obras de importancia para o crecemento intelectual de Galicia, e de difícil comercialización no mercado xeral.

3. Non se consideran grandes proxectos as coleccións integradas por títulos independentes que individualmente carezan das características sinaladas no parágrafo anterior.

4. Quedan excluídos desta orde os proxectos multimedia que non respondan a textos de carácter creativo, científico ou de consulta, e que ofrezan contidos lúdicos interactivos, ou artes narrativas de carácter fílmico.

5. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde será tramitado en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Co fin de cumprir co principio de concorrencia sinalado, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de avaliación, que se axustará aos preceptos contidos no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. No desenvolvemento desta orde, aplicarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

1º Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2º Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se atope derogado.

3º Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008.

4º Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega

E supletoriamente:

5º Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

6º Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7º Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2º.-*Orzamento e contía.*

1. As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.432A.770.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, por un importe de 140.840 euros e, con cargo aos orzamentos de 2009, a cantidade de 154.547 euros.

2. A contía máxima das axudas adxudicadas ao abeiro desta epígrafe sitúase en douscentos noventa e cinco mil trescentos oitenta e sete euros (295.387 €).

3. Estas subvencións terán carácter plurianual: pagarase o 47,68% no ano 2008, e o 52,32% restante, en 2009.

4. Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, sempre que o importe total que percibirá o beneficiario non supere a porcentaxe máxima do investimento.

Artigo 3º.-*Importe máximo das axudas.*

O importe de cada subvención establecerase, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, ata un máximo de 60.000 euros por beneficiario, nunha cantidade equivalente a un máximo do 75% do prezo de venda ao público para un máximo de 500 exemplares. A contía fixada na resolución poderá revisala á baixa o órgano responsable da concesión da axuda, se o prezo de venda ao público non concorda co inicialmente declarado na solicitude.

Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán optar a estas axudas todas aquelas entidades que acrediten a súa condición de editoras, coas limitacións que establece o punto seguinte, e que cumpran o previsto no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Non poderán beneficiarse das axudas recollidas nesta orde aquelas persoas xurídicas que se atopen nos supostos previstos nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-*Presentación das solicitudes, prazo e documentación.*

1. Os editores que desexen acollerse aos beneficios desta orde deben presentar a correspondente petición, de acordo cos modelos de instancia que figuran como anexos desta orde, no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte ou nas delegacións provinciais desta, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación fíxase nun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Presentarase unha solicitude por cada obra, segundo os modelos que figuran como anexos I e II, á que se lle xuntará a seguinte documentación, que só se presentará unha vez, no caso de varias solicitudes da mesma editorial:

a) Fotocopia do CIF da entidade e do NIF do representante.

b) A acreditación da personalidade do solicitante e da súa representación, mediante fotocopia da escritura pública de constitución ou modificación, de ser o caso, da sociedade, e do poder notarial correspondente, ambos os dous documentos debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no rexistro que corresponda, de non ser sociedade mercantil.

c) Unha fotocopia do último recibo do imposto de actividades económicas, ou certificado de exención, se proceder.

d) Unha certificación orixinal da conta bancaria, onde conste como titular a empresa solicitante.

e) O catálogo actualizado da produción realizada pola editorial.

f) O calendario de investimentos para desenvolver cada proxecto editorial.

g) Características técnicas e memoria explicativa do proxecto de edición.

h) Se for o caso, unha copia do contrato que a editorial asinaría co autor ou autores da obra e que respectará o establecido na Lei de propiedade intelectual.

i) Previsión de tiraxe e prezo de venda ao público (IVE incluído).

j) A declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas coma pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de entidades vencelladas ou dependentes destas.

4. A documentación relacionada nos puntos a) e b) poderá substituírse por unha declaración do presidente ou director da editorial, en que se faga constar que esta documentación se atopa plenamente vixente con respecto á presentada para este mesmo fin nas convocatorias de anos anteriores.

5. A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural poderá pedirllas ás persoas ou entidades solicitantes que acheguen a documentación complementaria ou orixinais que considere necesaria para acreditar os datos que figuran na solicitude, incluídos albarás, facturas, certificados de tiraxe e de distribución, etc.

6. A presentación da socilitude de concesión de axuda ou subvención pola persoa ou entidade interesada comporta a autorización ao órgano instrutor -neste caso, a Consellería de Cultura e Deporte- para solicitar de oficio e de forma telemática as consultas de se atopar ao día nas obrigas fiscais e tributarias, que deben emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

7. Esta consulta farase de oficio e de forma telemática. No caso de que para o órgano instrutor non fose posible a obtención desta información, poderá requirirla directamente ao solicitante.

Artigo 6º.-*Emenda de solicitudes.*

Consonte o previsto no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de 10 días, rectifique a falta ou

achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude.

Artigo 7º.-*Instrución e selección de solicitudes.*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural a instrución do procedemento de concesión de subvencións, e desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2. A comisión avaliadora a que fai referencia o artigo 1 estará constituída polos seguintes membros:

-Presidente: a subdirectora xeral de Creación e Difusión Cultural.

-Vogais: o xefe do Servizo de Bibliotecas e a xefa do Servizo do Libro e Publicacións.

-Un funcionario, designado polo director xeral de Creación e Difusión Cultural, que actuará como secretario.

3. Esta comisión valorará os expedientes consonte os seguintes criterios, por orde decrecente de prioridade e coas puntuacións máximas que figuran na relación:

a) Calidade da obra, atendendo a criterios de estrutura, rigorosidade e coherencia: ata 12 puntos.

b) Calidade da lingua, atendendo á súa achega á lingua e á cultura galegas: ata 10 puntos.

c) Interese xeral en atención ao seu interese intrínseco, maior esforzo editorial, dificultade de comercialización ou ir destinadas a minorías da nosa sociedade con dificultades de acceso á cultura escrita: ata 10 puntos.

d) Calidade das obras contidas no catálogo: ata 8 puntos.

e) Fondo editorial en galego ou relacionado con Galicia do editor solicitante: ata 6 puntos.

f) Esforzo que supón para o editor a incidencia da obra en ámbitos de especial importancia cultural, mais de pouca demanda comercial: ata 5 puntos.

O órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe de avaliación emitido, formulará a proposta de resolución motivada, con indicación das cantidades que correspondan a cada anualidade e do número de exemplares que deba entregar o beneficiario, ata o libramento do crédito dispoñible.

No suposto de que algunha entidade non acepte a axuda ou renuncie a esta, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria, adxudicando o importe dispoñible ás solicitudes valoradas pola comisión e que non acadaron axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación establecida.

Artigo 8º.-*Resolución.*

1. Á vista da proposta de resolución, a conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e o importe do proxecto subvencionado, e a contía da axuda concedida.

2. O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución expresa non poderá superar

os nove meses, segundo establece o artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir da publicación desta convocatoria.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

4. Consonte o artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios.

Artigo 9º.-*Notificación, desestimación e recursos.*

1. A Consellería de Cultura e Deporte comunicará a resolución aos beneficiarios das axudas. Realizada a notificación polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a aceptación; transcorrido este sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

2. A resolución da convocatoria producirase como máximo no prazo previsto no artigo 8 desta orde. No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto, o sentido do silencio será negativo e faculta o interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. No caso daquelas solicitudes que resultasen desestimadas, os solicitantes poderán retirar a documentación presentada.

4. Contra os actos resolutivos, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a recepción da notificación da resolución ou, potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición diante da conselleira de Cultura e Deporte.

Artigo 10º.-*Xustificación e pagamento das axudas.*

1. Recibidos os exemplares e a documentación a que se fai referencia nas bases desta convocatoria, a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, de os atopar conformes, propondrá o libramento dos fondos, de acordo co calendario seguinte e a normativa orzamentaria vixente.

2. A contía correspondente á primeira anualidade librarase, tras a aceptación tácita ou expresa por parte das persoas beneficiarias, antes do 1 de novembro de 2008, tras a aceptación da axuda por parte do beneficiario e da entrega dunha copia do contrato asinado co autor ou autores, se fose o caso.

3. Para o pagamento da segunda anualidade debe presentarse, antes do 1 de novembro de 2009, o correspondente número de exemplares da obra subvencionada.

4. O libramento do importe da axuda, mesmo nos dous prazos das anualidades previstos, realizarase de acordo coa normativa orzamentaria aplicable.

Artigo 11º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Na páxina de responsabilidades de cada un dos exemplares da tiraxe debe constar o seguinte texto: «Esta obra recibiu a axuda da Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, na convocatoria de axudas para o ano 2008».

2. Os pagamentos garantíranse cun aval, consonte a normativa vixente en materia de subvencións.

3. As obras que se subvencionen publicaranse en galego, segundo a lexislación vixente.

4. Os beneficiarios das axudas, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a xustificalas segundo se indica nas bases desta convocatoria, así como a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que se concederen. A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte pode comprobar, cando o considerar conveniente, a execución dos proxectos.

5. En calquera caso, os beneficiarios quedan suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. No momento da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o petionario debe presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o proxecto subvencionado, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

7. O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 12º.-*Reintegro das axudas e procedemento sancionador.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial das subvencións e axudas públicas percibidas cando conorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que o beneficiario da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura e Deporte instruirá un expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Calquera alteración das condicións en que se basee a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Creación e Difusión Cultural para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor ao día seguinte do da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓ, PRODUCIÓ E EDICIÓ DO LIBRO GALEGO, NO QUE SE REFIRE Á MATERIALIZACIÓ DOS GRANDES PROXECTOS EDITORIAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CD221B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
			FAX

E, na súa representación

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DA SUBVENCIÓ SOLICITADA

PROXECTO QUE SE VAI REALIZAR	
ÁMBITO TERRITORIAL DA REALIZACIÓ DO PROXECTO	
CANTIDADE SOLICITADA	CONTÍA DO PROXECTO
0,00 €	0,00 €

DOCUMENTACIÓ COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA NIF OU CIF DA ENTIDADE	<input type="checkbox"/> CALENDARIO DE INVESTIMENTOS
<input type="checkbox"/> ACREDITACIÓ DA PERSONALIDADE DO SOLICITANTE E DA SÚA REPRESENTACIÓ	<input type="checkbox"/> CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS E MEMORIA DO PROXECTO
<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA ÚLTIMO IAE OU CERTIFICADO DE EXENCIÓ	<input type="checkbox"/> COPIA DO CONTRATO CO AUTOR
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO ORIXINAL DA CONTA BANCARIA	<input type="checkbox"/> PREVISIÓ DE TIRAXE E PREZO DE VENDA AO PÚBLICO
<input type="checkbox"/> CATÁLOGO ACTUALIZADO DA PRODUCIÓ EDITORIAL	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓ DAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS

OBSERVACIÓNS:

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Deporte para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, da contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓ APLICABLE
 - Orde do 27 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a promoción, produción e edición do libro galego, no que se refire á materialización dos grandes proxectos editoriais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.
 - Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se atope derrogado.
 - Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008.
 - Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.
 E supletoriamente:
 - Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

Conselleira de Cultura e Deporte

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓN, E DECLARACIÓN DE NON SE ACHAR INCURSO EN NINGUNA DAS PROHIBICIÓN PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.Don/Dona con DNI nº en nome e representación da entidade con NIF nº

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que para a actuación denominada

a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE(€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE(€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Así mesmo, o representante DECLARA que non se acha incurso en ninguna das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E, para que así conste ante a Consellería de Cultura e Deporte, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

, de de 200

(Sinatura e selo da entidade)

Orde do 27 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a promoción, produción e edición do libro galego, no que se refire á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego e á tradución para o galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

De acordo coas atribucións que asigna o marco competencial, á Consellería de Cultura e Deporte correspón-

delle crear un clima de enriquecemento cultural na sociedade galega. Para isto cómpre que a cidadanía dispoña de materiais impresos en calquera faceta do desenvolvemento humano actual, no eido da creación, do pensamento, da técnica, do lecer ou calquera outro en que as persoas poidan expresarse, formarse ou transformar a súa percepción esencial do mundo en que habitan.

Así mesmo, a presenza de Galicia no mundo significa que a nosa propia actividade intelectual en calquera plano deixe tamén a súa pegada en territorios lingüisticamente diferenciados de nós, de xeito que, na medida da nosa propia capacidade, contribuíamos